



**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**  
**AXENCIA TRIBUTARIA**

## **CARREIRA ADMINISTRATIVA: TRAMO 0**

Nestes días temos, con sorpresa, outra nova interpretación torticera do Acordo por parte dos responsables de RRHH da Axencia Tributaria. Como todos sabedes, o Acordo de Carreira Administrativa establece que ao permanecer un determinado tempo no tramo que corresponda hai unha reclasificación automática ao tramo seguinte (iso con independencia de que posteriormente, cando esté regulado, se vaia valorar o "desempeño" ou os cursos de formación...etc). Pois ben, a última que liaron os responsables de RRHH é a de perxudicar aos funcionarios de recente ingreso na AEAT e non aplicarlles o Acordo de Carreira Administrativa, tal e como estaba previsto para este mes. Parece ser que a AEAT alega, para tomar esa decisión, que non se asinou a acta da reunión de carreira administrativa do 12 de marzo, pero o que realmente vemos é a mala intención dos xestores de RRHH ao esquecer, con "premeditación e alevosía", que nesa acta tamén debía figurar a reclasificación dos funcionarios que ingresaron na Axencia despois do 14/11/07 (data do Acordo de Carreira) e que tamén tiñan que pasar ao tramo seguinte ao facer 1 ano de antigüidade. Ante tal "despiste" por parte do redactor da acta, as organizacións sindicais fixemos as alegacións oportunas para que tamén se lles aplicara o acordo a estes funcionarios e pedimos que éstas se incorporaran a acta final para que non quedase ninguén que cumprise a antigüidade sen a súa reclasificación. ¿Cal foi o resultado?, a AEAT non reclasificou a ningún funcionario de recente ingreso, é dicir, NON SE ESTÁ A APLICAR O ACORDO AOS FUNCIONARIOS QUE INGRESARON NA AEAT DESPOIS DO 14/11/05, e que foron ubicados inicialmente no Tramo 0. A única excepción son os "pata negra", os A1, que pasaron do nivel 26 ao nivel 28 de xeito automático e cun específico de case 30.000 euros, nada menos: para eses sí que hai cartos e non fai falta que asinemos ningunha acta nin ningún requisito previo.....A CIG pide o mesmo trato para todos: cando se teña a antigüidade suficiente para pasar de tramo a reclasificación debe ser automática, e para iso non hai que asinar ningunha acta nin nada polo estilo, pois iso xa está no Acordo. Levaremos este tema á Mesa de Carreira Administrativa que terá lugar este xoves. Tamén ese día está prevista unha reunión con Pedroche na que lle faremos chegar a nosa indignación sobre o que se está a facer nesta casa xa que vemos con tristeza que isto vai de mal en peor

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**21/04/09**

CIG AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44

Fax: 981 12 72 22

[cigaeat@gmail.com](mailto:cigaeat@gmail.com)

[mariacarmen.ares@correo.aeat.es](mailto:mariacarmen.ares@correo.aeat.es)

[WWW.CIGAEAT.COM](http://WWW.CIGAEAT.COM)